



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

Expediente núm. 2022/E001/000006
2022/G003/000695

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

No DOG núm. 21, do 01/02/2022, publicouse a Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código do procedemento TR351G).

Este concello solicitou unha subvención ao abeiro da referida convocatoria.

A través de Resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade, que leva data do 04/05/2022, foille concedida a esta entidade local unha subvención por importe de 27.940,00 € para a contratación de dúas persoas coa categoría de peón/peoa por un período de nove meses.

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, en virtude da delegación de atribucións efectuada a través do Decreto da Alcaldía núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019), ditou a providencia de inicio do procedemento, que leva data do 06/05/2021.

O técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable datado o 10/05/2022.

Pola súa vez, a Intervención Municipal emitiu o informe de fiscalización num. 185/2022, do 12 de maio.

FUNDAMENTOS LEGAIS

O referido informe do funcionario TAX, nos seus apartados II e III, sinala:

“II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. A exposición de motivos da Orde do 7 de xaneiro de 2022, antes citada, no que aquí interesa, sinala:

“As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os Estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de acadar unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo no ámbito local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, e no ámbito local é onde se atopan as



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

Así, estes programas tratan de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participen neles, e de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural.

Con esta finalidade impleméntase a presente convocatoria de subvencións como instrumento a través do cal se lles ofrece aos demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral mínima que poida permitir a súa futura inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten unha maior estabilidade no emprego.

O obxectivo fundamental desta medida é facilitar a mellora da empregabilidade da poboación desempregada a través da adquisición de experiencia profesional naquelas áreas rurais e con menos oportunidades laborais que perden veciños ano tras ano. A Axenda 20 para o emprego contén entre as medidas en materia de emprego de calidade, as dirixidas á contratación de determinados colectivos a través do programa Aprod, entre eles, no medio rural co programa Aprod rural. Por esa razón, incentívase a contratación por parte dos concellos rurais. Considérase concello rural aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZDP) segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística (https://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl). Para estes efectos, considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra, Vigo.

(...)"

Segunda. O Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a garantía na estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, na súa disposición derradeira segunda, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de emprego, aprobada polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro (TRLE), coa seguinte redacción (o destacado en *negra* é noso):

“Disposición adicional novena. Contratos vinculados a programas de activación para el empleo.

1. Las administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos para la mejora de la ocupabilidad y la inserción laboral en el marco de los programas de activación para el empleo previstos en este texto refundido de la Ley de Empleo, cuya duración no podrá exceder de doce meses.

2. Las personas trabajadoras mayores de 30 años que participen en programas públicos de empleo y formación previstos en este texto refundido de la Ley de Empleo, podrán ser contratadas mediante el contrato formativo previsto en el artículo 11.2 del Estatuto de los Trabajadores.”

A posibilidade que se abre con esta disposición está limitada a aqueles casos nos que os programas para a activación para o emprego a que se refire o TRLE, os desenvolvan o Estado e as Comunidades Autónomas, o que ocorre no presente caso, xa que as entidades locais non dispoñen de competencias para a xestión deste tipo de políticas logo da supresión do artigo 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) polo artigo 1.11 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

Terceira. A modalidade de contratación a utilizar é a anteriormente indicada como, por outra parte, sinalan tanto o artigo 15.1 da meritada Orde e maila resolución de concesión da subvención, que somete a percepción do importe económico da achega a tres condicións. O contido das dúas primeiras é o seguinte:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

“1ª.- A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria e para a contratación, segundo o establecido no artigo 15, empregárase exclusivamente a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (código do co trato 405).

2ª).- **A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 15 de xuño de 2022.** Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, esta Xefatura Territorial poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade, previa solicitude para o efecto da entidade subvencionada.”

Cuarta. A Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2022 (LOXE 2022), ao igual que as leis de anos precedentes, establece limitacións á contratación de persoal temporal a aos nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino, limitando esas posibilidades a casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables (artigo 20.Catro, de carácter básico e aplicable a todas as administracións públicas, como sinala o apartado Sete do indicado precepto).

Esta restrición á incorporación de persoal temporal está orientada a reducir o gasto público e ten un carácter xeral, pero a súa intensidade diminúe ou palidece en casos como o presente no que existe unha finalidade de fomento do emprego das persoas con dificultades de inserción do mercado de traballo.

Por esta razón, o funcionario que subscribe considera que a contratación, na modalidade de contrato expresada, resulta conforme a dereito.

Quinta. As bases da convocatoria respectan as esixencias da citada Orde, polo que se informan favorablemente.

Sexta. A atribución para aprobar o expediente corresponde, de inicio, á Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL). Porén, a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019) esta competencia, entre outras, foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

III. CONCLUSIONES

a) Infórmase e favorablemente a proposta de bases de selección e a modalidade de contrato de traballo a utilizar, nos termos antes indicados.

b) Correspóndelle á concelleira-delegada, por delegación da Alcaldía, aprobar as bases e ditar as demais resolucións precisas no seo do procedemento.”

O informe de fiscalización núm. 185/2022, do 12 de maio, da Intervención Municipal, é favorable con observacións.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) Efectuar a convocatoria para a selección de dous/dúas (2) peóns/peoas para ser contratados/as por un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G).

2º) Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que teñen a seguinte redacción:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

“BASES QUE REXERAN A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL NO MARCO DA ACTUACIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO APROL RURAL

Primeira. Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é dar cobertura ao proceso de selección de dúas persoas coa categoría profesional de **peón/peoa**, en cumprimento da subvención concedida ao concello para a referida contratación ao abeiro de Orde do 7 de xaneiro 2022, publicada no DOG núm, 21, do 01/02/2022 (APROL RURAL) co número de expediente TR351G 2022/000045-1. Afecta unicamente a aquelas persoas que remita a Oficina de Emprego das Pontes, nos termos das bases Cuarta, Quinta e concordantes.

Segunda. Período e modalidade de contratación e retribucións

A duración do contrato establécese en nove meses. A modalidade de contratación é a de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (código do contrato 405), ao abeiro do disposto no apartado 1 da disposición adicional novena do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro (disposición adicional engadida pola disposición derradeira segunda do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro). Retribución: **1.374,04 €/mes**.

Terceira. Sistema de selección

O sistema de selección é o de oposición.

Cuarta. Requisitos das persoas aspirantes:

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función (capacidade funcional).
- c) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e) Estar inscrita no Servizo Público de Emprego.
- f) Cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos pola Orde da convocatoria, que no seu artigo 14, sinala:

“Artigo 14. *Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras*

1. As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polas que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.

2. As persoas traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 2.000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2021. IGE).

3. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no número 5 ou se traten de favorecer os colectivos enumerados neste.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As entidades locais deberán presentar as ofertas cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado.

4. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das súas características, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

c) Persoas paradas de longa duración.

d) Persoas con discapacidade.

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

6. Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e da preceptiva autorización expresa da persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados polo persoal traballador social, se é o caso. As persoas seleccionadas polo procedemento descrito neste número deberán, en todo caso, cumprir os requisitos establecidos polos números 1 e 2 deste artigo.

7. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.”

Quinta. Procedemento de selección

A entidade local beneficiaria deberá solicitar ás persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego específica nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia.

Nos programas de contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia a selección das persoas traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión socio laboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

As actuacións do dito grupo mixto de selección xestionaranse empregando, **preferiblemente, medios electrónicos non presenciais.**

As ofertas de emprego (que terán en conta os criterios de prioridade e ordenación de candidatos establecidos en cada convocatoria) tramitaranse do seguinte xeito:

1º. A entidade beneficiaria, coa suficiente antelación para que a oficina de emprego poida tramitala (con carácter xeral, 15 días hábiles antes da data prevista de contratación) presentará a oferta de emprego, **xunto coa solicitude e anexos, de ser o caso, debidamente corrixidos**, ademais da correspondente **notificación da resolución e os anexos de concesión da subvención.**



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

2º. A presentación poderá realizarse:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Neste caso, dirixirá a solicitude á Xefatura Territorial da consellería correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta de emprego_Programas de cooperación) e á oficina de emprego de destino, á que a xefatura reenviará a documentación a través do Rexel.

b. A través de correo electrónico dirixido á oficina de emprego.

O directorio de oficinas de emprego e os seus datos de contacto está dispoñible no seguinte enlace: *1 Datos padrón habitantes IGE 2019*.

Sexta. Presentación de oferta de emprego no Servizo Público de emprego

Remitirase na forma e prazos especificados na Orde da convocatoria, así como na resolución de concesión de subvención e cos requisitos que dita Orde explicita, unha Oferta para determinar o número de candidatos a remitir polo Servizo Público de Emprego. (Art. 14 da Orde de 7 de xaneiro de 2022)

Sétima. Comisión Seleccionadora

O órgano de selección estará formado polos membros seguintes, todos eles con voz e voto:

Presidente titular: José Cabaleiro Franco

Presidente suplente: Carlos Teijeiro Paz

1º Vogal titular: Isabel Carballo Rivera

1º Vogal suplente: Ángeles Pérez Paz

2º Vogal titular: Anselmo Pellón Augusto

2º Vogal suplente: José Ramón Domínguez Fernández

3º Vogal titular: José Sanjurjo Paz

3º Vogal suplente: José Ignacio Bouza Martínez

Secretaria titular: Ana Isabel Caaveiro Franco

Secretaria suplente: Katia Rouco Corral

Asesora para a proba de galego: María Flora Vázquez Alonso

Oitava. Criterios a valorar no proceso selectivo:

Oitava.1. Será criterio preferente a adecuación ao posto de traballo dos aspirantes, dentro da valoración xeral do perfil profesional que figure no Servizo Público de Emprego.

A Comisión Seleccionadora decidirá por maioría o xeito de adxudicación en función do citado perfil. Realizarase un **exercicio oral e/ou práctico** ao persoal remitido pola oficina de emprego, que consistirá na formulación de **dez preguntas** ou **probas prácticas** sobre algún dos temas seguintes:

1º) Procesos de traballo dun peón: ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares.

2º) Recoñecemento de ferramentas utilizadas en desbroce.

3º) Manexo de cargas: tipoloxía e modalidades de utilización.

4º) Mantemento de xardíns. Segra e acumulación de materiais.

5º) Mantemento de cunetas e zanxas.

Oitava.2. Os/as aspirantes que non posúan acreditación CELGA 2 ou equivalente, terán que realizar



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

un exercicio de conversación, de duración non superior a dez minutos, que se cualificará como **apto/a** ou **non apto/a**, sendo a cualificación de **non apto/a** causa de eliminación do proceso selectivo.

Novena. Cualificación e proposta de contratación

Cada pregunta ou proba será puntuada entre cero (0) e un (1) puntos, resultando preciso obter unha puntuación mínima de cinco **(5) puntos para superar o exercicio.**

As dúas persoas aspirantes que, tendo superado o exercicio e, de ser o caso a proba de galego, obtivesen a maior puntuación serán propostas para a súa contratación.

Décima. Lista de espera

Coas restantes persoas aspirantes que acadasen un mínimo de cinco (5) puntos e superasen, de ser o caso, a proba de galego, constituirase unha lista de espera, á que acudir, chegado o caso, para cubrir eventuais baixas ou renuncias das persoas propostas e/ou contratadas.

As persoas integrantes da lista de espera que renunciaren ao chamamento, pasarán ao último lugar da lista, agás que esta renuncia estea motivada por atoparse de baixa (incapacidade temporal), ou maternidade, supostos nos que non se perderá a posición.

Décima primeira. Reclamacións e recursos

Contra as cualificacións de cada exercicio efectuado polo Tribunal poderán reclamar os interesados perante éste no prazo dos tres días seguintes ao de ser publicados.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc.. efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, perante a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, ou perante a Alcaldía. Contra a Resolución da concelleira-delegada de nomeamento das persoas aspirante seleccionadas, lista de espera, etc., cabe interpor recurso potestativo de reposición perante a dita concelleira no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que aquela teña o seu domicilio.

Décima segunda. Presentación da documentación.

As persoas aspirantes seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base Cuarta no prazo de tres días hábiles, a contar dende a publicación da lista coa puntuación final e a proposta de contratación.

Cumpridos os anteriores requisitos, pola concelleira-delegada de Área procederase ao nomeamento e posterior toma de posesión como funcionario/a interino/a.

Décima terceira. Impugnación

As presentes bases poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Décima cuarta. Norma final.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: jmca

normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.”

3º) Remitir a correspondente oferta á Oficina Pública de Emprego

4º) Publicar a presente convocatoria e as súas bases no taboleiro electrónico municipal e na páxina web do concello.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños